

Rosalía de Castro na obra de Antón Zapata García

Miro Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR, MIRO (2011 [2008]). “Rosalía de Castro na obra de Antón Zapata García”. *Revista de Estudos Rosalianos*: 3, 173-197. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/127>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (2008). “Rosalía de Castro na obra de Antón Zapata García”. *Revista de Estudos Rosalianos*: 3, 173-197.

* Edición dispoñíbel desde o 31 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ROSALÍA DE CASTRO NA OBRA DE ANTÓN ZAPATA GARCÍA

Miro Villar

A presenza de Rosalía de Castro e dos seus versos na obra do poeta Antón Zapata García (Laxe, 1886 - Bos Aires, 1953) é moi importante tanto no seu único libro de poemas, *A Roseira da Soidade. Poesías galegas*, publicado en 1954 (non en 1953 como adoita dicirse), como tamén nos seus poemas inéditos, naqueles dispersos na prensa da diáspora ou na súa máis escasa obra en prosa ou xornalística. De todo isto damos conta na nosa Tese de Doutoramento (1622 páxinas, aínda sen publicar) *A poesía galega de Antón Zapata García. Edición e estudo*, dirixida polo profesor Xesús Alonso Montero e recibida con sobresaliente cum laude pola Universidade de Santiago no pasado mes de febreiro do 2008.

Nunha vida azarosa, que agora non imos lembrar, Antón Zapata García viviu en Laxe os seus anos da infancia e da mocidade, ata que en setembro de 1903 emigra a Bos Aires, onde se desenvolverá a súa existencia deica a morte, sen nunca regresar a Galicia, amosando sempre unha entrega admirable tanto na súa feraz actividade societaria como no seu compromiso nos anos da guerra civil española e da inmediata posguerra.

1. Rosalía en dous sonetos de Antón Zapata

A maior representante da nosa poesía ocupa menos espazo que o poeta bergantiñán Eduardo Pondal. Con todo, temos dous sonetos, o primeiro data dunha época temperá, xullo de 1913, non foi recollido no libro publicado e apareceu por vez primeira na revista *Suevia* co título “A Rosalía de Castro”¹, onde a describe como “*Subrime reisiñor, xenial cantora*”, para sinalar que vive despois de morta grazas á súa obra poética: “*Non poído a negra Morte, coa fouzaña, / segar, cäl túa vida, os teus ‘Cantares’/ e as ‘Orelas do Sar’, xoiel d’Hespaña*”. Pola súa parte, o outro soneto intitulado Rosalía Castro, que forma parte do libro *A Roseira da Soidade*², fai un retrato da poeta, aínda que os trazos que ofrece non

¹ Cfr. *Suevia*, “Revista Gallega Regionalista”, Bos Aires, nº 10, 11 de xullo de 1913 [Número ilocalizable] e *Compostela*, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938. Nesta última revista aparece incluído na sección “Páxinas da renacemento galega”. Leva a seguinte nota a rodapé: «Como mejor recuerdo a la genial poeta, copiados de la revista “Suevia”, en cuyas páginas ha sido iniciado, en Buenos Aires, el movimiento galleguista, por el entonces director de aquélla, Joaquín Pesqueira, con la directa colaboración, desde Galicia, del más destacado propulsor de tan generosa renovación política, Porteiro Garea, y, asimismo, de otros “bôs e xenerosos”, entre ellos Xan V. Viqueira». Aparece datado: «XULIO 11 DE 1913» e coa reprodución autógrafa A. Zapata García.

² Publicouse con anterioridade nas revistas *Compostela*, Bos Aires, nº 6-7-8-9, xullo 1941-1944 e *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952. Nesta última vai introducido polo seguinte parágrafo: «N-esta data enluidada, que tanto Hespaña coma os galegos, seguimos relembrando encol dos nosos Mártirs, invocamos a Soma tutelar de Rosalía a través da tenrisema Sembranza que a nosa Santa laica lle inspirou ao gran señor das rimas galegas, Antón Zapata García, por considerar que Rosalía, fôi unha verdadeira mártir precursora.

conseguen superar a imaxe de Rosalía coma unha muller de moito sofrimento e tormento, que a estigmatiza daquela e, ás veces, aínda hoxe: Velaí, a modo de exemplo, o inicio do texto: “*Tiña unha sorriso triste, triste de toda tristeza / e un ollar adolorido, profundo, limpo e sinxelo*”. Ou que “*A súa vos era tenra, tenra de toda tenreza*” e “*Seu corazón era unha ánfora chea de doce ambrosía / que nas veneiras dos versos da máis outa poesía / riqueceu a Nosa Fala e cantou a Nosa Dôr*”.

Neste mesmo soneto “Rosalía Castro” temos tamén un testemuño da “autocensura” do poeta á hora de incluír o texto no seu libro, que se ía publicar na España franquista, suprimindo obviamente unha nota que acompaña unha das edicións anteriores³, xa que en *Galicia* vai introducido polo seguinte parágrafo da autoría dos redactores da revista, mais que é revelador da intencionalidade creativa do noso poeta: «N-esta data enluitada, que tanto Hespaña coma os galegos, seguimos lembrando encol dos nosos Mártirs, invocamos a Soma tutelar de Rosalía a través da tenrísima Sembranza que a nosa Santa laica lle inspirou ao gran señor das rimas galegas, Antón Zapata García, por considerar que Rosalía, fôí unha verdadeira mártir precursora».

2. Rosalía noutros poemas de Antón Zapata

De agosto de 1938 data o soneto “Loito, fodor e medo” no que a cidade se cobre de “*¡Un bafô de traición e mourería / espállase nos porches e portales!*”, engade que só resta o silencio do que era a risa dos estudantes e remata incorporando na derradeira estrofa as figuras das nosas voces máis representativas do Rexurdimento, que forman un coro para se uniren á mensaxe de denuncia da represión franquista: “*E fuxindo na noite máis sombría, / Pondal, Curros Enríquez, Rosalía..., / van dicindo: — ¡Sant-Iago!... ¡¡cómo apesta!!...*”. E en *Galiceibe* a deusa fala “no linguaxe da Santa Rosalía”⁴.

No volume *A Roseira da Soidade* inclúe varios textos con alusións a Rosalía. Así, en “Acordeón galego”, que é o poema final da serie «Dorna saudal» e tamén o derradeiro do libro, a voz poética interpela ao devandito instrumento musical, tan presente nas festas tradicionais galegas, e sinala: “*Acordeón mariñeiro / —¡ouh, peixeiro acordeón / da terra de Rosalía*”. Musicalidade hai tamén nos poemas “O cantar de Mari-Pepa”, onde as pegadas de Rosalía e dos cantares populares é ben evidente

E aínda temos, noutros poemas, outras breves alusións, pois no poema narrativo intitulado “A Crus da Rosa”, que leva o significativo subtítulo de “Lênda do amor fidel”, dividido en XXI capítulos ou fragmentos, que no capítulo IV sinala unha longa serie de personaxes con máis ou menos relación con Laxe, entre os cales figura Rosalía:

180

na vila de Doña Urraca
de Moscoso, e os Altamira,
Pero García de Traba,
i-eisimade, outros patrianos,
semella se despertaran,
no relembro, craros nomes.
Os bôs García e Losada,

³ Cfr. *Galicia*, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952.

⁴ A caracterización de Rosalía como “santa” é propia do galeguismo, e xa estaba nos versos de Ramón Cabanillas: *¡Rosalía! ¡ña Nai! ¡miña Santiña...! / ¡méntrela Rula milagreira escoito / Sinto unha dóce man que me acariña!*

185 Mesías, Abente, os Castro⁵
 —dos que descéu Nosa Santa
 Rosalía, a dos «CANTARES
 GALEGOS», a Pomba Branca—;
 os antergos⁶ que a Murguía
 déronlle sangue fidalga;
 190 Pondal Frois, os Martelo,
 os Lara, Raxói, os Pauman...
 ¡todos nobres fillosdalgo,
 froróns da estirpe galaica!

E neste mesmo texto temos os versos: “*que xa dixo Rosalía / non habel-as máis galanas / nin mellores bailadoras / de moiñeira e riveirana...*”, son unha glosa dun fragmento do longo sexto poema dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro: “*Son as de Laxe unhas mozas... / ¡Vaia unhas mozas aquelas! / Sólo con velas de lonxe / quítaselles a monteira / porque son vivas de xenio, / anque son rapazas netas. / Bailadoras... n’hai ningunhas / que con elas se entrometan / pois por bailar bailarían / no cribo dunha peneira...*”.

No poema “O cantar de Mari-Pepa” tamén está a pegada dos *Cantares Gallegos* de Rosalía, tanto na inspiración popular coma na métrica e na rima. E se o terceto de orixe popular “*Campanas de Bastabales / cando voi oito tocar / mórrome de soidades*” inspirou unha coñecida composición da poeta e a mesma cantiga, así como o propio texto de Rosalía, tamén están na cerna da composición máis coñecida de Pondal, *A campana d’Anllóns*. Finalmente, no poema de Zapata intitulado “A campana da Soidade”, volven a imbricarse os conceptos de ‘campá’ / ‘soidades’, malia asociarse desta volta a outra campá de sona, a Berenguela. Ademais sinala que chora como: “*chora Xelmírez o Santo, / chora a saudal Rosalía, / choran Pondal e Murguía... / ¡E chora Curros Enríquez!...*”.

3. Rosalía nos actos públicos de Antón Zapata

Con seren as mostras máis importantes da relevancia da poeta na obra de Antón Zapata García, o certo é que a súa presenza aparece asociada ao escritor de Laxe en múltiples ocasións, de maneira máis ou menos indirecta.

Por seguirmos unha orde cronolóxica, en setembro de 1918, Zapata participa no «Festival Gallego»⁷, organizado pola Agrupación Artística Gallega e pola Asociación Coral Gallega, no bonaerense Teatro Avenida, nun acto en homenaxe ao ilustre mariño español de orixe galega Manuel Deschamps, nun amplo programa de actos. Antón Zapata García dá lectura a un texto poético da súa autoría, intitulado “A Deschamps”, (escrito para ocasión e que non se localizou), no intre no que se lle fai entrega dun álbum que lle ofrece a colectividade galega ao mariño. É a única intervención literaria, aínda que entre as numerosas pezas musicais figura a balada “Adiós ríos, adiós fontes”, coa coñecida letra de Ro-

⁵NOTA DO AUTOR: «Véxase a páxina nº13 do libro «Los Precursores», por Manuel Martínez Murguía, colección «Hórrero»: Rosalía Castro.

NOTA DO AITOR DO POEMA [sic]: O escudo que figura no Pazo dos Castro de Laxe, é semellante ao que ostenta a capela do Pazo de Arretén, no que vivéu moito tempo Rosalía, porque era de propiedade dos seus familiares. No de Laxe morou, no século XII, Doña Xoana de Castro, nai de Doña Urraca de Moscoso, e aboa do emperador hespañol Alfonso VII.

⁶NOTA DO AUTOR: «A aboa materna. Ollar a páxina 96 do devandito libro».

⁷ Cfr: «Festival gallego», *El Eco de Teo*, «Revista mensual», Bos Aires, nº 31, 10 de setembro de 1918.

salía de Castro, con música de Egidio Paz Hermo⁸ e cantada pola tiple cantante Amparo Romo, que gozaba de moita sona entre a comunidade galega de Bos Aires.

Dez anos máis tarde, durante 1928 anotamos a súa inclusión nunha ampla lista de contribución⁹ á subscripción promovida por Manuel Casás, ex-alcalde de A Coruña, para erixir un monumento a Rosalía de Castro nos xardíns de Méndez Núñez. Fai esta recadación en terras arxentinas, Joaquín R. Rodríguez, director do *Boletín Oficial. Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito*, revista na que tamén se publicaron colaboracións poéticas de Zapata dous anos antes.

Pouco despois, a Federación de Sociedades Gallegas (FSG) conta coa súa presenza no significativo programa do festival¹⁰ co que inauguran oficialmente a nosa sede social en outubro de 1929. Na solemne xornada, que se abre coa interpretación do Himno galego, participan Ramón Suárez Picallo cunhas “Palabras alusivas al acto”, que é a única intervención política, e represéntanse o diálogo en prosa e verso “Macanas nomás” de Fernández Taffall e o monólogo en verso e en galego “Os catro tuneles” da autoría de Avelino Rodríguez Elías, tamén coñecido como “Chuco de Canedo”. Na parte musical son interpretadas alboradas, muiñeiras, foliadas e cantigas e un baile social que pecha os actos, mentres que a poesía está presente a través dun recital do noso poeta e dunha lectura de composicións de Rosalía de Castro na voz de Eduardo Blanco-Amor.

Porén, tamén Zapata vai darlle voz aos versos de Rosalía. Así sucede cando en 1933 a Sociedade Nazionalista Pondal celebra o 25 de xullo, “Día da Galiza”, cun denso programa no que participa o noso poeta¹¹ e no que se mesturan interpretacións musicais, lecturas de poemas e discursos políticos. A sesión ábrese co Himno Galego, con letra de Pondal e música de Veiga, continuando cunhas “Verbas a juventú” pronunciadas polo secretario da SNP, a interpretación do “Negra Sombra” de Rosalía con música de Montes¹², o recitado do “Canto a Galicia” de Alfredo Brañas na voz de Ricardo Flores, o discurso “A nosa Fala” do vicepresidente da entidade, Manoel Lamas, a interpretación do poema de Curros “Os Teus Ollos” con música de Chané, e unha “Loubanza da Lingoa” que realiza Antón Zapata García coa lectura de textos poéticos de Curros, Pondal e Rosalía, para rematar cos “A-la-lás” interpretados por membros do conxunto artístico “Concepción Arenal” e o discurso final do director da revista *A Fouce*, Vicente Barros, que falaría sobre “A Significación d’Apóstol na Renascenza Galega”.

⁸ Egidio Paz Hermo (A Pobra do Caramiñal, 1863- Bos Aires, 1933). Compositor e músico galego, que residía na Arxentina desde os 25 anos e que faleceu dun accidente. Musicou moitos textos de poetas galegos, entre eles Rosalía de Castro. Autor dunha Misa de Réquiem e de varios cantos relixiosos. Dirixiu o Orfeón Gallego e, máis tarde, o Orfeón Gallego Primitivo. Escribiu tamén moitos libretos e ensaios musicais. Unha completa biobibliografía pode consultarse no artigo necrolóxico «Ha muerto Egidio Paz Hermo», *Correo de Galicia*, nº 1415, Bos Aires, 5 de marzo de 1933.

⁹ Cfr: “El Monumento a Rosalía Castro en La Coruña”, *Boletín Oficial de la Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito*, nº 28, Bos Aires, novembro de 1928, nº30, Bos Aires, xaneiro de 1929 e nº31, Bos Aires, marzo de 1929; “La contribución de los gallegos residentes en América y de sus instituciones para un monumento a Rosalía de Castro”, *Correo de Galicia*, nº 1196, Bos Aires, 23 de decembro de 1928, e “Pro Monumento a Rosalía Castro en La Coruña. Envío de fondos por el Boletín Oficial de la Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito”, *Correo de Galicia*, nº 1210, Bos Aires, 31 de marzo de 1929.

¹⁰ Cfr: “La nueva casa de nuestra Federación será inaugurada el viernes próximo. En el acto inaugural tomarán parte los más destacados elementos intelectuales y artísticos de la colectividad gallega. Nueva era de actividad y progreso”, *El Despertar Gallego*, nº 156, Bos Aires, 6 de outubro de 1929.

¹¹ Cfr: “A Pondal no día de Galiza”, *A Fouce*, nº 62, Bos Aires, 25 de xullo de 1933.

¹² Fai referencia á célebre balada “Negra Sombra” con letra do coñecido poema rosaliano, que foi composta por Juan Montes Capón (1840-1899).

E o mesmo sucede horas antes na conmemoración do Día de Galicia¹³ que organiza a devandita agrupación nacionalista o domingo 23 de xullo a través dun programa radiofónico dirixido á emigración galega na denominada Radio Patria e que foi emitido entre as 19 e as 20 horas. A emisión ábrese co Himno galego e coas «Verbas a juventú» do Secretario da Pondal. O poeta fai a súa intervención en sétimo lugar e así se recolle o contido: «“Loubanza da Língua”, relazón poética de Curros, Pondal e Rosalía, pol’o poeta irmán A. Zapata García». Ricardo Flores, recitando a Brañas, Manuel Lamas, falando da nosa lingua, e Vicente Barros, que fala da significación do Apóstolo, son outros pondalianos que interveñen.

O 24 de xullo de 1938 participa no xantar de confraternidade co que a Unión de Residentes de Santiago de Compostela agasalaba ás entidades que prestaron a súa adhesión e colaboración para unha Homenaxe a Rosalía de Castro. A concorrencia sobarda as previsións dos organizadores e alcanza os douscentos comensais. Malia a ausencia do representante diplomático español e do Cónsul General, que desculpan a non asistencia por obrigas propias dos seus cargos, o acto transcorre con moita notoriedade e “dentro de la más cordial camaradería”, segundo informa a revista da entidade¹⁴. Tralos postres interveñen o presidente da institución, Domingo Maza, o coñecido caricaturista da publicación arxentina *Crítica*,¹⁵ Roberto, o noso poeta¹⁶ e Carmen Méndez, en representación da muller arxentina, antes de rematar o acto cos comensais postos en pé para gardar un respetuoso silencio “por los caídos en defensa de las libertades”. A intervención do noso autor é recollida no devandito número:

El inspirado poeta Antón Zapata García, hizo también uso de la palabra, para señalar la imponderable labor realizada por la Sociedad “**Unión de Residentes de Santiago de Compostela**”, destacando la ayuda prestada por las entidades adheridas, quienes —dijo— han merecido con este Homenaje a la más santa mujer gallega e inmortal poetisa Rosalía de Castro, reflejar más elevadamente la misión cultural que las anima.

A homenaxe non só tivo repercusión na colectividade da emigración e do exilio galego, senón que incluso foi seguida desde Galicia, malia as circunstancias históricas. Así o dá a entender Otero Guldrís¹⁷ na súa serodia recensión ao libro *A Roseira da Soidade*, cando sinala:

Dos seres, dos nombres que son la misma Galicia ocuparon un alto lugar en el alma de nuestro poeta. Rosalía y Pondal formaron parte de su propio ser. Y a los mismos, dedicó gran parte de su obra. Las fechas del 5 de junio de 1930 y 31 de julio de 1938, entre otras, son un cumplido ejemplo de lo apuntado.

¹³ Cfr: “Sociedad Pondal. Homenaxe ó idioma galego”, *Correo de Galicia*, nº 1435, Bos Aires, 25 de xullo de 1933.

¹⁴ Cfr: “Comida de Confraternidad y Beneficio”, *Compostela*, nº 3, Bos Aires, agosto de 1938.

¹⁵ Cfr: Quijada [1991: 212-213] que cita os dous diarios arxentinos máis identificados coa defensa da república española: *Crítica* e *Noticias Gráficas*. «En general, puede decirse que los diarios de ámbito nacional proclives a la República expresaron su definición de manera más contundente y abierta que los simpatizantes de Franco, identificados estos últimos con la postura oficial del gobierno, respaldada en la posición de Gran Bretaña y la Sociedad de Naciones a cuya influencia eran especialmente sensibles los dos grandes matutinos *La Nación* y *La Prensa*, por lo que intentaban con mayor o menor fortuna revestirse de una pátina de neutralidad desapasionada. A diferencia de estos diarios y del vespertino *La Razón* [más abiertamente franquista que los anteriores], los periódicos pro republicanos eran públicos y entusiastas gubernistas. Entre ellos, los más notorios e influyentes eran *Crítica* y *Noticias Gráficas*. [Enumera unha longa recensión das actividades do primeiro] (...) En los medios de la colonia española, eran afectos a los gubernistas las publicaciones *Galicia*, *Noticiero Español* y *El Correo de Asturias*, editados todos por diversos grupos de la colectividad».

¹⁶ A súa presenza pode entenderse por se tratar dunha publicación pro-republicana, nun momento no que as institucións arxentinas estaban a interferir nas actividades republicanas, pois o filofascista Manuel Fresco viña de asumir o cargo de Gobernador da Provincia de Buenos Aires. Cfr: Quijada [1991: 60-61].

¹⁷ Cfr: «Un poeta malogrado. El sentimiento de Galicia en Antonio Zapata», *La Noche*, 22 de xaneiro de 1955.

En el homenaje a Rosalía, celebrado con motivo de colocarse una placa en la calle que hoy perpetúa el nombre de la Cantora del Sar, Antonio Zapata García dejó oír su voz. La obra de Domingo Maza fué ofrecida por el hombre más indicado. Y así, en aquel día de 1938, el poeta de Lage logró que el sentimiento gallego penetrase en lo más profundo de los que habían acudido al acto, gallegos y no gallegos. Tal fué la fuerza y la fogosidad de sus palabras. Aun hoy, al leer el citado discurso, se nota el dinamismo que lo anima. La vivencia de las palabras, que aquel día llenaron el ambiente de Buenos Aires, parece haber penetrado en el mismo papel.

Finalmente, o Centro Ourensán, en colaboración coa Irmandade Galega, organiza o sábado 12 de febreiro de 1944 un acto patriótico “en homaxe aos esgrevios poetas Rosalía Castro i-Edoardo Pondal co gallo de comprirse un novo aniversario do seu nacemento”¹⁸, no que Rodolfo Prada presentou os oradores. Antón Zapata García diserta sobre “Pondal, [...] do idioma galego. Influxo d’este, nos poetas, i-escritores galegos”, unha conferencia moi aplaudida que Lois López completa co recitado de versos pondalianos. As cancións galegas interpretadas polo coro Ultreya, os poemas rosalianos e a conferencia de Ramón Rey Baltar “A door de Rosalía” integran o resto do programa.

4. Rosalía na prosa de Antón Zapata

Moito máis breves son as alusións a Rosalía de Castro na obra en prosa e xornalística do noso poeta. Porén, aparece no seu texto máis importante: «**EDOARDO PONDAL: Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega**¹⁹. *Conferenza pronunciada por A. Zapata García, o 5 de Xunio de 1930, no “Orfeón Español”, con motivo do grande homaxe que lle rendío ô nobre bardo Gundar a Sociedade Nazonalista “PONDAL”, logo de se cumpril-o 13 aniversáreo da súa morte*», que malia estar dedicado a reivindicar a figura do bardo da Ponteceso, tamén sinala.

E, máis achegada ô tempo no que xa se sinten infindas inquedanzas pol-o ben da terra, contempra a alma do bardo os vieiros espirituais d-aquéla, n-os que mui pouco soan as rebertías das cancións de “Cantares Galegos”, soparadamente, un que outro camiñante entende o que a dôr da Dôrosa de Iria Flavia quería facer entender ôs seus hirmáns.

¹⁸ Cfr: “Homaxe a Rosalía e a Pondal”, *A Fouce*, 2ª Xeira, nº 15, Bos Aires, marzo de 1944.

¹⁹ NOTA DOS EDITORES: «Esta conferencia foi publicada no periódico “A FOUCE” o 15 de Xunio de 1930». En realidade, apareceu por entregas en dúas publicacións: *A Fouce* [nº 15, 1 de xullo de 1930] e *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión [nº 57, agosto-setembro de 1930; nº 58, outubro de 1930; nº 59, decembro de 1930 e nº 60-61, Bos Aires, xaneiro-febreiro de 1931]. Nesta publicación leva os seguintes preámbulos:

«Por crêla de outo intrés pr-ôs lectores das follas d’ALBORADA, hénos gasalleiro pubrical-a conferencia que, encol do título que vai d’avante, fui lida pol-o noso consóceo, Antón Zapata García, no “Orfeón Español”, na noite do 5 de Xunio derradeiro.

Veleiqué a nomeada primícea que tan outadamente fala da Nosa Terra, —a través dos redenzores versos do poeta de Bergantiños— nas tres características xa denantes consiñadas, ou sexa: *Alma, Sentimento e Libertá:*» en *Alborada*, nº 57, Bos Aires, agosto-setembro de 1930.

«Continuazón da conferencia que dou o noso consóceo Antón Zapata García, no “Orfeón Español”, o 5 de Xunio, diante un milleiro e medio de oíntes» en *Alborada*, nº 58, Bos Aires, outubro de 1930.

«Seguimento da conferencia que dou o noso consóceo Antón Zapata García, a cãl merecéu outos alaudos do xornal “El Diario Español”, do periódico “A Fouce”, e do profesor da Universidade da cibdá de La Plata, doitor don Augusto Cortina Aravana, que é, hastra oxe, o mellor comentarista sóbos das obras sa nosa Santa Pomba, Rosalía Castro de Murguía.» en *Alborada*, nº 59, Bos Aires, decembro de 1930.

«Terminazón da conferencia cuia cópea n-estas follas nos fui aitorizada pol-o seu aitor, o noso conterrán Antón Zapata García.» in *Alborada*, nº 60-61, Bos Aires, xaneiro-febreiro de 1931.

Muito, máis preto aínda que os aies —máis xeremíacos que isaíacos— da Santa Rosalía, ouza a alma do Nobre Bardo Gundar unha varil voz de un tamén valente mozo galego: Manoel Curros Enríquez, quen, influxado pol-o curisco reformista francés, ceiba fortes e ben tempradas canzóns rebertes; anque, muitas d'éstas, non consustanzadas co-a Terra Nai, senón c-o espírito internazonal, o coal, por eisi ser, dilúiese no gran concerto humanista; pro, pra Galiza, non lle trague nada máis que un gran poeta, —¡outa riqueza, por certo!—: reberte mozo cuio renome, en xuntanza c-o de Rosalía, comenzan a que vaian sendo, cada vegada, máis respetados os bós nomes do *Verbo* e da *Patria* galegos.

E Rosalía de Castro tamén serve de argumento en dous longuísimos artigos que publica na prensa antifranquista que se editaba na colectividade de Bos Aires e onde o noso poeta amosa, en castelán, o seu acento máis belixerante. Velaí o artigo “LA CRUZ DEL DOLOR ESPAÑOL” (publicado en *Galicia*, nº 484, Bos Aires, domingo, 6 de setembro de 1936) no que atopamos estas palabras:

También demuestra, incontestablemente, dicho odio, los incalificables e inicuos fusilamientos de los hondamente autonomistas Jaime Quintanilla y Alejandro Bóveda Iglesias. De éste, nos parece aún estar oyendo su voz de satisfacción y alegría cuando, el 28 de junio último, desde Santiago de Compostela, y por intermedio de una broadcasting de esta capital, habló de la salvación de Galicia mediante la autonomía lograda plebiscitariamente por el voto libre y secreto.

Al asesinar a tan insignes galegos —un hondo ensayista y un preclaro estadista— acallaron sus acusadoras voces en contra de cuantos tuvieron la culpa de que permaneciera empobrecida la generosa tierra gallega durante varios siglos; pero sus espíritus ¡sursum corda!, seguirán diciendo como su ilustre conterráneo Brañas:

... “¡Como en Irlanda, como en Irlanda!”...

Sus hermanos gallegos llevaremos siempre adentrado en el corazón y en el alma su santa memoria, siempre dispuestos a que se cumplan sus redentoras aspiraciones. ¡Que nuestra Rosalía sea su guía en el tránsito que aguarda a los patriotas que caen en holocausto a la patria!...

E algo semellante sucede nestoutra peza xornalística de acento antifranquista que o autor titula “LA BRUTAL SUPERVIVENCIA ‘DEL OSTRÓGODO’” (*España Republicana*, nº 415, Bos Aires, sábado, 16 de abril de 1938) onde novamente se fai unha apelación á figura de Rosalía para falar dos valores republicanos:

Pero —se nos ocurre, ahora, formular— ¿no se reforzará la brutal supervivencia del vocablo “ostrógodo” en la tradición oral de las más sencillas gentes del mundo, como lo son los de la bucólica y santa tierra de Galicia —hoy “cementerio de vivos”, parafraseando un verso de Rosalía Castro—, cuna de santos, mártires, artistas, poetas, patriotas... ¡y traidores!... Es muy posible que se ahonde el concepto...

¿No seguirán diciendo los labriegos, marineros y pescadores gallegos, con mayor intención todavía que hasta hace poco menos de dos años, aunque en voz más baja, el repulsivo dicho que rememora la brutalidad de los primitivos tragaldabas teutónicos, o sea: —¡Come como un “ostrógodo”!?!...

... Rosalía Castro, Eduardo Pondal y Manuel Curros Enríquez, de haber vivido hoy, no se hubieran salvado de la innata brutalidad de los invasores “ostrógodos” ni de la igual de los natos descendientes de los antepasados de éstos: los “requetés”, los “franquistas” y los de la “cara... bina al sol”, (los del yuguillo y las flechas): ¡¡Los fusilarían despiadadamente, al borde de cualquier camino o carretera!!...

—¡¡Ostrógodos!!!...

5. Rosalía no epistolario de Antón Zapata

A primeira referencia atópase nunha carta ao seu curmán de Laxe, o coñecido fotógrafo José Vidal García (datada o 5 de setembro de 1935)²⁰, na que enxalza e agradece as imaxes que na emigración reciben: “*Las bucatas de Manuel Ramos*”, “*La motora de Vilaseco y Anido*”, “*Malpica de Bergantiños*”, “*Ponteceso*”, etc., etc., *revelan la mano y el tacto maestros de que eres poseedor*.

Logo de falar de asuntos familiares métese en fonduras historicistas e sinala:

Del escudo de esa villa, te diré que, leyendo la “Historia de Galicia”, de Murguía, noté que dicho atributo de los Castros —gente nobiliaria de Lage en pretérita data—, que figura en la iglesia, tiene dos roeles (monedas) y dos calderos. El tal, a mi ver, es el verdadero escudo de nuestra brava población de Lage. Ahora, trata tú de sacarlo, ya fotografiándolo, ya, si conoces dibujo, sacando un ligero boceto, pues, el escudo que contiene tu “foto”, creo no es el auténtico. En fin: Yo no conozco casi nada de heráldica, pero, por tratarse de mi pueblo, por lo menos quisiera constatar si es cierto lo que en el citado libro dejó consignado Don Manuel Martínez Murguía, esposo que fué de la inmortal poetisa Rosalía Castro. Tú dirás la verdad sobre el asunto, que es lo que importa.

Antón Zapata confesa a lectura da poesía de Rosalía de Castro na «Poética» que acompaña a súa primeira carta a Xosé Filgueira Valverde (8 de febreiro de 1936), quen na altura estaba a preparar unha *Escolma da Lírica Galega* para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), proxecto fanado pola guerra civil. Nela sinala:

Os roteiros da chamada «Nova poesía» non deberan ire, ô meu ollar, máis lonxe do que xa foron, pra ben da futura colleita, valla a comparanza: Dos camiños xogorales do sinxel Amado Carballo, porque, persistíndose nos módulos da eisaxeración eispresiva nos versos —se versos pode chamárselles a ringlas de prosa que semellan tubos d-órgao, sin rimo nin rima— brancos, serían milloros—, chegaráse ô momento no que os «neo-versos» —algún nome hai que darlles— soio os entenderá quen os zurció... e, âs veces, nin siquiera éso: han sere, no recordo, coma persoas que un crê que tratóu, máis non sabe ónde: ¡tépeda escuridade!...

Na mesma carta engade outro apartado intitulado «Formación» subliña moitas das súas lecturas poéticas:

Lêr muito, sin anudamento nas leituras —novelas, poemas, socioloxía—, anque preferindo, sóbor todo, ôs poetas galegos: Curros, Pondal e Rosalía —ôs que co[n]siño agora no xeito que os fun coñecendo—, preferindo a Pondal pol-a ánima vouga e bretemosa, e, tamén, pol-a cerna galega que contén o seu libro inmortal: «Queixumes dos Pinos». No senso universal, ademiro ô Dante, na Diviña Comedia, e, ademáis, porque, idiomáticamente, foi, c-ô toscán, na Italia, o que o idioma galego será, sóbor dos idiomas ibéricos, comenzando a xeira con Edoardo Pondal.

²⁰ A única carta familiar que puidemos consultar é tamén a única escrita en castelán, mais nesta lingua adoitaban estar este tipo de epístola destinadas a persoas con escasa alfabetización. Cfr: Núñez Seixas e Soutelo Vázquez [2005: 71-72]: «A lingua empregada [das cartas] era sempre o castelán. Malia que o galego seguía a ser a lingua de comunicación oral da familia Naveiras e dos veciños de Ferreira, o idioma no que emigrantes e labregos recibiran a súa máis ou menos precaria alfabetización fora o español. Os emigrantes, ademais, asimilábanse rapidamente do punto de vista lingüístico no hispanofalante Río de la Plata, malia seguir a manter o galego como lingua de comunicación diglósica en festas e veladas. Pero a maioría mantiña respecto do seu propio idioma unha relación de menosprezo: o que para moitos era un *dialecto* non debía ser empregado na comunicación escrita e nos usos públicos e formais. Con todo, iso non excluía que, igual que acontece noutros epistolarios emigrantes galaicos, o galego de orixe interferise decote na sintaxe e ás veces no léxico empregado, que de cando en vez aparecesen algunhas palabras ou mesmo frases en galego, sobre todo cando se rememoraban labores agrícolas ou contextos locais da freguesía de orixe, e que os problemas coa *gheada* se manifestasen na escrita dos irmáns longo tempo emigrados nun país castelanofalante».

Guerra Xunqueiro, Heine e Baudelaire, teñen, no meu espírito, un dileito lugar, como poetas; e, Gracián, Aristóteles, Schopenhauer e Nietzsche, coma filósofos, por non mentar máis.-

Pouco despois, na altura na que o noso poeta preside a «Institución Cultural Gallega. Protectora del Seminario de Estudios Gallegos de Compostela» hai unha referencia a Rosalía de Castro verbo do proxecto de antoloxía consultada da poesía galega que estaba a preparar Filgueira Valverde e que as circunstancias históricas converteron nun proxecto fanado, malia que o Seminario de Estudios Galegos tiña moito interese na súa publicación. Nunha das cartas que asinan o noso poeta, como Presidente, e Nicolás Abente, como Secretario, en representación da entidade «Institución Cultural Gallega. Protectora del Seminario de Estudios Gallegos de Compostela», datada en «Buenos Aires, 15 de Maio de 1936», e que vai dirixida a Lois Iglesias Iglesias, daquela Presidente do SEG, entre moitos asuntos podemos ler o seguinte parágrafo en referencia á escolma:

«Alaudamos, sin acougo, ô Seminario, pol-o traballo que acadará co-a prúsima publicación dos SEIS TOMOS da “ESCOLMA DA LÍRICA GALEGA”, a cárrego a mesma do bô e capacitado membro d-ese Centro, don Xosé Filgueira Valverde, para quen, igualmente que a vostedes —todos se avencellan nunha nobre arela galega de progreso cultural—, levamos nosos alentos a prol da forte e brillante laboría que veñen teimando facer, e que ¡ogallá se leve a bô término! O nome da Santa Rosalía —baixo cuia éixida nacéu o Seminario—, terá unha outa ofrenda c-ôs libros devanditos no seu xubileo».

ANEXO: POEMAS CON PRESENZA DE ROSALÍA DE CASTRO

A campana da soidade²¹

I

CAMPANA da Berenguela²²
que, con grave badalar,
dende a Santa Compostela,²³
espallastes fonda arela²⁴
5 sobre o mar²⁵
dos nosos celtas abós,²⁶
 chamándonos,
 falándonos,
 agarimándonos
10 cô teu fraterno falar:²⁷
 ¡Pra decirnos que, nestora,
 xa nacéu a redenzora²⁸
 libertá do Noso Lar!²⁹

II

15 Vencellados na armoñía³⁰
 da santidá do teu canto
 de fondosos repeniques,
 chora Xelmírez o Santo,³¹
 chora a saudal Rosalía,
 choran Pondal e Murguía...

²¹ EDICIÓN ANTERIORES

Opinión Gallega, Bos Aires, nº 142, xullo de 1953. Publicouse co título **A campana da soidade** e practicamente sen signos de puntuación, aspecto que non detallamos na análise comparativa.

Variantes e comentarios

Foi reproducido por Casas, Álvaro de las (1939). *Antología de poetas gallegos*. Buenos Aires: Sopena Argentina. 166-171. No envío que realiza en 1936 para a fanada *Escolma da Lírica Galega* de Xosé Filgueira Valverde indica debaixo do título: «Inédito».

²² No inédito enviado a Filgueira aparece *BERENGUELA* no canto de **Berenguela**.

Nota da edición: Berenguela. Campá da Torre do Reloxo, tamén coñecida como “Berenguela”, da catedral de Santiago de Compostela. A torre é unha das obras máis importantes do ceense Domingo Antonio de Andrade (1639-1711), gran figura da arquitectura barroca galega no século XVII.

²³ No inédito enviado a Filgueira aparece *COMPOSTELA* no canto de **Compostela**.

²⁴ En *Opinión Gallega* aparece *espallaste* no canto de **espallastes**.

²⁵ No inédito enviado a Filgueira aparece *sobr-ô* e en *Opinión Gallega* aparece *sobr-o* no canto de **sobre o**.

²⁶ En *Opinión Gallega* este verso non aparece, de certo por gralla de imprenta.

²⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *c-ô* e en *Opinión Gallega* aparece *co* no canto de **cô**.

²⁸ En *Opinión Gallega* aparece *nasceu a redentora* no canto de **nacéu a redenzora**.

²⁹ En *Opinión Gallega* aparece *liberta do noso lar*. no canto de **libertá do Noso Lar!**...

³⁰ En *Opinión Gallega* aparece *Bencellados* no canto de **Vencellados**.

³¹ NOTA DA EDICIÓN: «O certo é que por gañar para Compostela a primacía eclesiástica da Hespaña, o Arzobispo Xelmírez —que encheu co seu nome un século enteiro— consinteu, a desintegración do territorio galego ao crearse o Reino Lusitano, torcendo as vereas do noso destiño e desbaratando a potencialidade do noso xenio creador, para xunguirmos a unha empresa allea, na que perdemos todo, inclusive a primacía eclesiástica». CASTELAO. “Libro Primeiro”. *Sempre en Galiza*.

NOTA DOS EDITORES: Diego Gelmírez (1068-1140). Gran señor feudal e alto dignatario eclesiástico, foi o primeiro arcebispo de Santiago (1100-1140), legado pontificio e, no seu momento, unha das figuras políticas máis importantes do reino castelán-leonés. A visión histórica negativa que, nestas liñas e noutras páxinas do Sempre en Galiza, nos dá Castelao sobre Xelmírez, como gobernante traidor ós intereses de Galicia, rompe coa tradición laudatoria que ata entón mostrara a historiografía galeguista sobre o arcebispo compostelán. Cfr: Rodríguez Castelao (2000: 249) [1944].

20 ¡E chora Curros Enríquez!...
 Chora o ceu,
 choras tí,
 choro eu...³²
 25 ¡todos choramos eiquí
 cando ouzamos túa vos,
 chamándonos,³³
 falándonos,
 agarimándonos!...

III

30 O teu badalar, campana
 do reló da Berenguela,³⁴
 vertendo doce tenrura
 —sinxela,
 pura,
 galana—,³⁵
 35 véu a tragerlle â soidade,³⁶
 n-esta terra americana,³⁷
 a manciña da irmandade
 ¡tan lonxana!
 das rúas de Compostela.³⁸

IV

40 ¡Cómo choramos, campán,³⁹
 ao sentil-a tua vos,⁴⁰
 chamándonos,
 falándonos,⁴¹
 agarimándonos,⁴²
 45 a través do mar Atrán⁴³
 e da soidade do Alem,⁴⁴
 que, na América, tamén
 nos sostén
 sen ir a pique!⁴⁵

³² Por gralla de imprenta *Choro*, que corriximos, no mecanoscrito **choro**.

³³ En *Opinión Gallega* aparece *chamándonos* no canto de **chamándonos**.

³⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *BERENGUELA* no canto de **Berenguela**. Berenguela. *Cfr. supra*.

³⁵ En *Opinión Gallega* estes tres últimos versos forman un só.

³⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *veu* no canto de **véu**. En *Opinión Gallega* aparece *veu a tragerlle a suidade* no canto de **véu a tragerlle â soidade**.

³⁷ No inédito enviado a Filgueira e en *Opinión Gallega* aparece *nesta* no canto de **n-esta**.

³⁸ No inédito enviado a Filgueira aparece *COMPOSTELA* no canto de **Compostela**. En *Opinión Gallega* aparece *ruas* no canto de **rúas**.

³⁹ En *Opinión Gallega* aparece *campa* no canto de **campán**.

⁴⁰ No inédito enviado a Filgueira aparece *ô sentil-a túa voz* e en *Opinión Gallega* aparece *o sentila túa vos* no canto de **ao sentil-a tua vos**.

⁴¹ No inédito enviado a Filgueira este verso vai unido co anterior.

⁴² En *Opinión Gallega* estes tres últimos versos non aparecen.

⁴³ No inédito enviado a Filgueira aparece *ATLÁN* no canto de **Atrán**. En *Opinión Gallega* aparece *a traves do mar Atlán* no canto de **a través do mar Atrán**.

NOTA DA EDICIÓN: Atrán. Océano Atlántico.

⁴⁴ No inédito enviado a Filgueira aparece *ALEM* no canto de **Alem**. En *Opinión Gallega* aparece *e das suidades do alem* no canto de **e da soidade do Alem**.

Alem. *Cfr.* Nota da edición no verso 16 do poema **Vagarosos ollos [3]**.

⁴⁵ No inédito enviado a Filgueira e en *Opinión Gallega* aparece *sin* no canto de **sen**.

- 50 ¡Qué por sempre repenique⁴⁶
a redenzón de outro ben!⁴⁷
¡Pra que retornemos nós!⁴⁸
chamándonos,
falándonos,
55 agarimándonos...
¡AMÉN!...⁴⁹

Rosalía Castro⁵⁰

- TIÑA unha sorriso triste, triste de toda tristeza,⁵¹
e un ollar adolorido, profundo, limpo e sinxelo;
nas tempas, i-encol da fronte a súa nobre cabeza,⁵²
un negro marco tecían as crenchas do seu cabelo.
- 5 A súa vos era tenra, tenra de toda tenreza
—quen ll-â escoitara, me dixo qu-era vos de terzopelo:⁵³
coma os sospiros das fontes, que teñen maor beleza⁵⁴
canto máis riman, sôaves, amores, mágoa e desvelo...⁵⁵
- 10 Seu corazón era unha ánfora chea de doce ambrosía⁵⁶
que nas veneiras dos versos da máis outa poesía⁵⁷
riquecéu a Nosa Fala e cantóu a Nosa Dôr;⁵⁸
- I-é câl unha nai pra cantos pol-o mar abaixo vímos⁵⁹
pois si, orfos, no desterro, coa soidade máis sofrimos,⁶⁰
Ela arrula —¡Branca Pomba!— nosa i-alma con amor!...⁶¹

⁴⁶ No inédito enviado a Filgueira aparece *Que* e en *Opinión Gallega* aparece *que* no canto de **Qué**.

⁴⁷ No inédito enviado a Filgueira aparece *d-outro* e en *Opinión Gallega* aparece *d'outro* no canto de **de outro**.

⁴⁸ En *Opinión Gallega* aparece *nos* no canto de *nós* e empeza con minúscula.

⁴⁹ En *Opinión Gallega* aparece *amén* no canto de **AMÉN**.

⁵⁰ EDICIÓN ANTERIORES

Compostela, Bos Aires, nº 6-7-8-9, xullo 1941-1944.

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1185, 15 de agosto de 1952.

Variantes e comentarios

Nas dúas versións anteriores o título é **Rosalía de Castro**.

En *Compostela* despois do título sinala (Pr-â rivista COMPOSTELA) e publícase precedido dun retrato de Rosalía, que vai sen asinar.

En *Galicia* vai introducido polo seguinte parágrafo: «N-esta data enluidada, que tanto Hespaña coma os galegos, seguimos lembrando encol dos nosos Mártirs, invocamos a Soma tutelar de Rosalía a través da tenrisema Sembranza que a nosa Santa laica lle inspiróu ao gran señor das rimas galegas, Antón Zapata García, por considerar que Rosalía, fôí unha verdadeira mártir precursora». Cfr. con **A Rosalía de Castro**.

⁵¹ En *Compostela* aparece *Tiña* no canto de **TIÑA**. En *Galicia* aparece *surrisa* no canto de **sorrisa**.

⁵² En *Compostela* e en *Galicia* aparece *n-as tempas e sobre a fronte da sua nobre cabeza*. Aínda que en *Compostela* acentúa *súa*.

⁵³ En *Compostela* acentúa *quén*. En *Galicia* aparece *lla* no canto de **ll-â**. No mecanoscrito temos *escoitara* no canto de **escoitara**.

⁵⁴ En *Galicia* aparece *d-as* no canto de **das**. Ademais, por gralla de imprenta, temos *quen* no canto de **que**.

⁵⁵ En *Compostela* prescinde dos puntos suspensivos. En *Galicia* aparece *soaves* no canto de *sôaves*.

⁵⁶ En *Compostela* e en *Galicia* aparece *unh-ánfora* no canto de **unha ánfora**.

⁵⁷ En *Compostela* e en *Galicia* aparece *n-as* no canto de **nas**. Ademais, por gralla de imprenta, nos dous casos temos *vo-neiras* no canto de **veneiras**.

⁵⁸ En *Compostela* e en *Galicia* en minúsculas todas as maiúsculas. En *Galicia* aparece *dôr* no canto de **Dôr**, que en *Compostela* vai en minúscula **dôr**.

⁵⁹ En *Compostela* e en *Galicia* aparecen *cal* e *vimos* no canto de **câl** e **vîmos**.

⁶⁰ En *Compostela* e en *Galicia* aparece *co-a* no canto de **coa**. En *Galicia* aparece *n-o* no canto de **no**.

⁶¹ En *Compostela* e en *Galicia* non aparecen os puntos suspensivos finais.

Loito, fedor e medo⁶²

As rúas de Sant-Iago están fatales⁶³
e xa non arrecenden lanzalía:
¡Un bafío de traición e mourería
espállase nos porches e portales!

5 Cheirumes de faroles e ciriales
—¡a lus da Libertade, santa e pía,
non hai quén a procrame!: ¡naide chía!—,
agoiran novos clans sacramentales...

10 D-aqueles estudantes, risa e gloria
—da xuventú galega executoria—,
nada máis que silencio soio resta...

E fuxindo na noite máis sombría,
Pondal, Curros Enríquez, Rosalía...,
van dicindo: — ¡Sant-Iago!... ¡¡cómo apesta!!!...⁶⁴

A Rosalía de Castro⁶⁵

Non coa lira servil e adulatora
que a manates e reis o son levanta,
mais con gaita amorosa é que che canta
o poeta sinxelo que te chora.

5 Subrime reisiñor, xenial cantora
que o teu nome no Pindo se axiganta⁶⁶
cuberto de loureiro e gloria tanta
como tèn Deus Apol e a virxen Frora.⁶⁷

⁶² EDICIÓNS ANTERIORES

Compostela, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938.

Variantes e comentarios

Aparece datado polo autor: «Bós Ars, Xullo de 1937» e coa reprodución autógrafa A. Zapata García.

⁶³ Sant-Iago. *Cfr.* Nota da edición no verso 24 do poema **A novena do amor** [8].

⁶⁴ *Ibidem*.

⁶⁵ EDICIÓNS ANTERIORES

Suevia, “Revista Galega Regionalista”, Bos Aires, nº 10, 11 de xullo de 1913. [Número ilocalizable]

Compostela, Bos Aires, nº 3, agosto de 1938.

Variantes e comentarios

Na revista *Compostela* aparece incluído na sección “Páxinas da renacemento galega”. Leva a seguinte nota a rodapé: «Como mejor recuerdo a la genial poeta, copiados de la revista “Suevia”, en cuyas páginas ha sido iniciado, en Buenos Aires, el movimiento galleguista, por el entonces director de aquella, Joaquín Pesqueira, con la directa colaboración, desde Galicia, del más destacado propulsor de tan generosa renovación política, Porteiro Garea, y, asimismo, de otros “bôs e xenerosos”, entre ellos Xan V. Viqueira».

Aparece datado polo autor: «XULIO 11 DE 1913» e coa reprodución autógrafa A. Zapata García.

Curiosamente, no envío que realiza para a fanada Escolma da Lírica Galega de Xosé Filgueira Valverde indica en nota a rodapé: «Nótola. O presente soneto foi o primeiro que pubriquei no noso benquerido idioma, pois, do castelán, xa o facía dende o ano 1911». Resulta sorprendente que esqueza a anterior aparición do soneto **A casa d’o poeta Pondal** na mesma publicación e no mes de maio.

⁶⁶ NOTA DA EDICIÓN: Monte Pindo. Está situado no lugar mariñeiro O Pindo, no concello de Carnota, e é unha formación granítica á beira do mar, na desembocadura do río Xallas no Ézaro (Dumbria), con moita tradición lendaria e literaria, que o cualificou como “Olimpo celta”. Sarmiento supoñía que a súa denominación podía proceder doutra estribación existente en Grecia.

10 Non poido a negra Morte, coa fouzaña,
segar, câl túa vida, os teus “Cantares”
e as “Orelas do Sar”, xoiel d’Hespaña.⁶⁸
¡Vives, dempóis de morta, na memórea
dos que sinten na terra crués pesares,
e da nobre Galiza na outa Histórea!...

Galiceibe⁶⁹ (fragmento)

I

A deusa redenzora de Galiza
—a boa e xenerosa Galiceibe—,
dempóis de cinco séculos escrava,
rogóulle ás moxedades a liberten.⁷⁰

5 Seu rogo car-á Celtia dirixindo⁷¹
—vagullada a facián e tremecéndose—,
no linguaxe da Santa Rosalía,
eisí dixo, arrastrando o vil grillete:

⁶⁷ NOTA DA EDICIÓN: Deus Apol > Apolo. Na mitoloxía grega e romana era o deus da curación, a luz, a verdade, o tiro con arco e quen traía as plagas. Como patrón de Delfos (Apolo Pitio) era un deus oracular ou profético, así como unha importante divindade olímpica. Como xefe das Musas (Apolo Musageta) e director do seu coro era un deus da música e a poesía. Os seus atributos máis comúns eran o arco e a frecha, alén da cítara, o plectro e a espada. O laureiro, ao que se refire Zapata, só se usaba en sacrificios e para elaborar a coroa da vitoria nos Xogos Píticos, que se celebraban na súa honra cada catro anos en Delfos.

Virxen Frora > Flora. Ao aparecer con Apolo debe referirse a Flora, na mitoloxía romana deusa das flores, os xardíns e a primavera. Porén, en ningures se fala da súa virxindade, así que tamén puidera tratarse de Santa Flora (Mauris, 1300 – Cahors, Francia, 1347). Virxe e relixiosa no hospicio que posuían en Beaulieu os cabaleiros de San Xoán de Xerusalén para atender os enfermos e os peregrinos. Patroa das Violetas, Margaridas, Dalias, Hortensias, e en xeral de todas as que levan nome de flor.

⁶⁸ NOTA DA EDICIÓN: “Cantares” e as “Orelas do Sar” > *Cantares gallegos* (1863) e *Las orillas del Sar* (1884) dúas das obras fundamentais da poesía de Rosalía de Castro, xunto a *Follas Novas* (1880).

⁶⁹ EDICIÓN ANTERIORES

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 417, 26 de maio de 1935.

A Nosa Terra, Irmandade Galega de Bos Aires, nº 448, xuño de 1946.

Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, nº 1207, 15 de agosto de 1953.

Variantes e comentarios

En *Galicia* (1935) publicouse con esta dedicatoria: «Á notábel recitadora do idioma galego, señorita / Dora Cela, sinxelamente, o aitor» e datado polo autor: «Bós Ars, Maio 1935. (Deseño do aitor do poema)», pois se acompaña dunha ilustración. Esta copia foille enviada a Filgueira para a súa *Escolma* fanada de 1936, riscando as palabras (Especial para GALICIA) que ían despois do título na publicación. Tamén risca as palabras (Deseño do aitor do poema), pola contra engade ao remate nunha nota: «(De «Galiza», de Bós ars, do 26 de Maio de 1935)».

En *A Nosa Terra* só mantén a data: «Bós Aires, Maio 1935» e non engade máis nada.

En *Galicia* (1953), recién falecido o poeta, publicouse sen dedicatoria, sen data e sen a separación en cinco partes e engadíndolle a seguinte Nota da Redacción (N. de R.): «A fonda rebertía de Antón Zapata García, o noso gran poeta recentemente desaparecido, pode apreciarse na tenra inspiración d-estas patrióticas e podentes rimas que tidoú «Galiceibe»».

Coma o verdadeiro mestre que Zapata García era, e coma o infatigabel loitador de visión sinxela e cabal, o noso gran bardo prégalle a moxedade galega que non descoide a honorosa misión de liberal-a Terra Nai, por considerar que as moxedades teñen de ser as máis firmes columnas onde a terra se sostén e, pol-o tanto as encarragadas de levar a felís término tan patriótica finalidade».

⁷⁰ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *ás* no canto de *ás*.

⁷¹ En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *car-á* no canto de *car-á*.

Celtia. Suevia. Nome literario, nomeadamente poético (como tamén Suevia), para se referir a Galiza e que aparece a miúdo documentado na literatura do século XIX, con continuidade no XX.

10

¡O fin!, ¡ó fin, ei d-irme, ¡Terra Enxoiita!;⁷²
¡terra de lobicáns e viles reises,
que usurpástedes os dreitos de Galiza,⁷³
usureiros, traidores, incrementes!...

⁷² En *Galicia* (1935) e en *Galicia* (1953) temos *ó* no canto de **ó**. En *Galicia* (1935) a maiúscula inicial leva acento gráfico.

⁷³ Por gralla de imprenta, en *Galicia* (1953) aparece *usurpátedes os deitos* no canto de **usurpástedes os dreitos**.